

SARABELA TEATRO

PRESENTA

TAMBO

DE SLOMOMIR MROZEM



SARABELA TEATRO present a
TANGO de Slawomir Mrózek
Dirixida por Ánxel es Cuña Bóveda

UNHA SÁTIRA CONTRA A PERSISTENCIA DA ESTUPIDEZ”

“Viua luz a obra que o teatro precisaba e que o público esperaba. Unha partitura precisa e limpa”; isto foi o que os críticos escribiron cando se estreou “Tango” hai 47 anos, desde entón “tango segue sendo unha das obras máis relevantes do teatro polaco en todo o mundo e tamén unha das máis representadas.



O tango do título é un baile-reto no que se amosan as relacións internas duna familia, concebida como metáfora da sociedade e que serven para amosar de forma traxicómica e grotesca o mundo contemporáneo e o tema da rebelión xeracional. Tango é unha das obras máis revelantes do teatro europeo en todo o mundo. Reclama a necesidade duna nova comprensión dos tempos que vivimos.

SINOPSIS

A acción desenvólvese na casa duna familia moi particular. A extravagante avoa Lilith e a tía Xena, aparentemente inofensiva, son as representantes da xeración máis vella. O pai, de nome Stomil e a nai, Eleanora, son artistas que pertencen a unha vangarda desaparecida, que se manifesta a favor da liberdade do individuo e que se comporta de xeito descoidadamente "informal". O fillo, Artur, que estuda tres carreiras, e Ala, a súa moza, son os membros máis novos. Prepáranse para casar con toda a "pompa" e crear así unha nova familia. Porén primeiro Artur cre que ten que ordear o caos que impera ao seu redor. Tamén habita a casa un misterioso extranxeiro...

O drama comeza cando a un certo Hamlet lle dá por ordear o mundo.

RAZÓNS DE FONDO

Cando se estreou a obra, os críticos escribiron que viu a luz a obra que o teatro precisaba e que o público esperaba. Unha partitura precisa e limpa. Para o espectador, a viva acción da obra e as súas abertas metáforas permiten ver a obra como propia e ao mesmo tempo confrontal a coa recepción do conxunto dos espectadores.

A medida que se vai desenvolvendo a acción vai cargándose de significado, dun significado que ten un valor real que marca o rango da obra. Os personaxes son persoas e símbolos a un tempo.





Varias son as novidades que a nosa compañía encara nesta nova produción e tamén os desafíos. En primeiro termo está o traballo con profesionais cos que non adoitamos traballar, pero cos que desexamos facelo pola sintonía e respecto que merecen.

Na luz e na escenografía Pedro Fresneda; na interpretación Vicente de Souza e Lino Braxe ; na axudantía de dirección Eva Ferreira.

En segundo termo temos que salienta a importancia do equipo estable da Compañía que garante un nivel de produción coherente, veterana e sólida.

Creemos estar en condicións de satisfacer ás entidades que depositan a súa confianza en nós e ofrecer aos espectadores este TANGO para o seu gozo.

PRODUCCIÓN

O AUTOR

Mrózek é un inconformista, un esixente, incapaz de amoldarse aos estereotipos. A súas obras son sátiras de liberación contra a persistencia da estupidez. Nada escapa á súa ollada incendiaria, nin ás ideoloxías anacrónicas, nin ás novas mitoloxías, entre as que inclúe a liberdade, a xustiza e a democracia. Por riba de todo, Mrózek é un humorista, e as súas fábulas son diagnósticos moi serios, radicalmente acedos.

OS PERSONAXES

Os seus personaxes son vontades desconcertadas diante dos seus desexos, extraviados nunha representación de marionetas articuladas.

Sábense culpables, aparvados e pouco hábiles para escapar do labirinto que provocan as transformacións sociais.



O ESTILO

O ridículo e a parodia son a única forma, acaso aceda, de lucidez fronte a unha realidade que, vista sen os disfraces da psicoloxía ou da etiología, proxecta nidiamente a súa condición satírica.



O emprego dun humor moi particular, achéganos á consecución dun efecto amablemente compartido que non esmorece.





OS ESPECTADORES

O público asombrarase , sen dúbida, da cruel incisión que abren estes textos no noso mundo de lealdades e crenzas, pois no só o desbarata, senón que lle outorga unha comi cidade única.



Axítase ata desfacerse, ata dinamitar o propio sentido que suscita. Porén, pese a evidenciar os contrastos satíricos da condición humana, non se deleita na burla das utopías sociais ou escarnece os esforzos por acadar un mundo máis xusto e harmónico, senón que estimulan a morriña do esplendor da razón, sempre contaminada de ilusións mezquiñas que provocan consecuencias inesperadas, deixando ver a mentira que oculta todo proxecto social de redención.

O SENTIDO

É unha crítica retranqueira aos estados totalitarios que disimulan mediante un hábil uso da linguaxe e subvirten os termos antitéticos de razón e despropósito, cultura e natureza, tradición e progreso, orde e desorde, limpeza e desenfreo; ficción e realidade, axeitándoos aos seus fins. Para perpetuar o réxime que lles dá orixe, e neste "Tango" faise mesmo con fins satíricos.

Ao poñer en escena a Mrózek sentimos a tentación de rir, pero a nosa risa é de ansiedade e amargura diante do que un Estado totalitario pode facer cos seus cidadáns, e nesa constatación hai lembranza, pero tamén unha advertencia para os tempos por vir.




TRAXECTORIA

Recoñecida como unha das Compañías máis consolidadas de Galicia, Sarabela Teatro leva 29 anos de traballo incesante nos que o compromiso coa realidade maniféstase en cada un dos seus espectáculos.

Conta con 6 Premios Compostela; 35 María Casares; 5 Fetén; 1 Celestina. Foi finalista en 2 ocasións nos premios Max e en Teatralia. Recibiu 2 premios de Honra: Xiria, e Abrente. E obtivo o premio do espectador no FIOT de Carballo.

Ionesco, Kundera, Mishima, S. Belbel, M. Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor, entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nunha prolífica travesía que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como "Tics", "Margar no pazo do tempo" ou "Dáme Veleno".

Os seus últimos espectáculos: "A Esmorga, de Eduardo Blanco Amor, "Konrad" de Christine Nostërling e "O incerto señor don Hamlet, de Alvaro Cunqueiro, veñen a confirmar o seu compromiso co teatro galego e cos espectadores.



DI RECCI ÓN E DRAMATURXÍA

ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

ELENCO (POR ORDE DE APARI CI ÓN)

AVOA. FI NA CALLEJA
ÉDEK. VI CENTE DE SOUZA
XENA. ELENA SEI JO
ARTURO. FERNANDO DACOSTA
ELEONOR. SABELA GAGO
STOMI L. LI NO BRAXE
ALA. NATE BORRAJO

DESEÑO DE ESPAZO ESCÉNICO: **PEDRO FRESNEDA** DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **PEDRO FRESNEDA**

DESEÑO DE VESTI ARI O: **RUTH DÍ AZ PEREIRA** REALI ZACI ÓN VESTI ARI O: **CLOTI VAELLO, SANTOS MANEIRO**

DESEÑO DE MAQUI LLAXE: **RAQUEL FI DALGO** CARTAZ E PROGRAMAS: **GHEDESI GN**

FOTOGRAFÍAS: **MARIO G. HERRADÓN** VÍDEO: **ALBA V. CARPENTI ER** TÉCNI CO DE SON: **RUBÉN DOBAÑO**

TÉCNI CO DE LUZ: **J. MANUEL BAYÓN** TÉCNI CO DE ESCENA: **DAVI D DÍ AZ**

ESPAZO SONORO: **RENNATA CODDA FONS** AXUDANTE DE DI RECCI ÓN: **EVA FERREI RA**

DI RECCI ÓN: **ÁNXELES CUÑA BÓVEDA**

Agradecementos:

Universidade de Vigo, Vice reitoría Campus de Ourense, Mari bel Feij oó,
Artefi ión, Artes Gráfi cas Rodi , Carl os Domí nguez, Antoni o Pi ñei ro,
Manol i fernandez carbaj al es

CONTRATACI ÓN

FINA CALLEJA: 629860580

WWW. SARABELATEATRO. COM / SARABELATEATRO@YAHOO. ES